

## Sábado 2 de abril

### O espírito do bosque

Un poderoso home de negocios pretende construír unha estrada que atravese o bosque e a malvada Sra. D'abondo ve chegar a súa oportunidade para acabar co bosque. Carballo e os seus compañeiros están en perigo e todos os animais que viven ao seu arredor terán que fuxir. Pero Tui, Linda, Picnic, nin tampouco Celinda, unha toupa estudadiza recén chegada da cidade, pensan render-se, e, coa axuda do "Clan dos Gatos Libres", Luchín e Un-Un, descubren o que fan medo á Sra. D'abondo, para que se propoña acabar coa "vida"... do espírito do bosque.



## Sábado 9 de abril

### Astérix, a golpe de menhir

O druída Panoramix sofre o golpe dun menhir e queda amnésico, o cal supón unha desgraza para o seu pobo, xa que só el coñece a fórmula da poción máxica coa que se defenden da invasión romana. Astérix e Obélix intentarán arranxar o problema por todos os medios.



## Sábado 16 de abril

### Goomer

Goomer, de profesión camioneiro intergaláctico, encontra un planeta habitado durante unha das súas viaxes. Confundido co ersoto especial dunha festa, os alieníxenas recíbeno entre aplausos. Goomer sente que chegou ese momento tan desexado por todo ser humano: facerse rico.



## Sábado 30 de abril

### Rex, un dinosauro en Nova York

Louie e Cecilia son dous nenos cuxo máximo desexo é ter tres amigos. Un día chegan a Nova York, a cidade onde viven, catro novos e inesperados amigos. Trátase de auténticos dinosauros que farán que os/as nenos/as vivan a maior aventura da súa vida.




Concello da Coruña




**Todos os sábados de xaneiro a abril de 2011, ás 18:00 h**

Museo de Arte Contemporáneo GAS NATURAL FENOSA (MACUF)
Avenida de Arteixo, 171, Agrela-Bens
Aparcadoiro gratuíto. Autobús urbano nº 11

museo de arte contemporáneo

gasNatural fenosa

Deputación